

Seminario Galán.org




Carlos Casares

Carlos Casares


Educación infantil

Día das letras galegas 2017






OLA! EU SON UNHA DAS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS
E VOUVOS PRESENTAR AO MEU CREADOR: CARLOS CASARES MOURIÑO.




FOTOGRAFÍA RICARDO GROBAS. FUNDACIÓN CARLOS CASARES

CARLOS




COMPLETA CO TEU NOME E O TEU RETRATO. COMPÁRATE CON CARLOS. POR EXEMPLO: EU TEÑO O PELO ESCURO
COMO CARLOS, EU NON TEÑO OS OLLOS COMO CARLOS PORQUE OS MEUS SON... AZUIS, OU NON TEÑO ENGURRAS COMA
CARLOS... PINTA A LARANXA DA SÚA COR.



CARLOS CASARES NACEU EN OURENSE E CANDO TIÑA TRES ANOS FOI VIVIR A XINZO DE LIMIA COS SEUS PAIS FRANCISCO E MANUELA.




XINZO DE LIMIA É MOI COÑECIDO POLO SEU ENTROIDO E POLAS PANTALLAS. DEBUXA NA PANTALLA O ANIMAL QUE MÁIS CHE GUSTE E COLOREA.



CARLOS DEIXOU DE ESTUDAR HUMANIDADES NO SEMINARIO PARA FACER O BACHARELATO POR LIBRE E ASÍ TER MÁIS TEMPO PARA ASISTIR AO FALADOIRO DO GALEGUISTA VICENTE RISCO NO CAFÉ PARQUE, DE OURENSE.




REPARA NAS CUNCAS DE CAFÉ E ARRODEA DE VERMELLO AS QUE ESTÁN COMO NO EXEMPLO.





ESTUDOU FILOLOXÍA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO E PUBLICOU MOITOS RELATOS NA REVISTA GRIAL. AOS 26 ANOS PUBLICOU A SÚA PRIMEIRA NOVELA, «VENTO FERIDO».




OBSERVA A CAPA DE «VENTO FERIDO», O SEU PRIMEIRO LIBRO, E ACABA DE COLOREALA COMO ESTABA NA ORIXINAL: AS LIÑAS **CURVAS** DE VERDE E AS **RECTAS** DE AZUL.




FOI MEMBRO DA REAL ACADEMIA GALEGA E PARTICIPOU NA APROBACIÓN DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E NA CREACIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA.

A	E	I	O	U
				


SERÁS QUEN DE ESCRIBIR PALABRAS QUE EMPECEN POLAS VOGAIS A - E - I - O - U ?




ESCRIBIU MOITAS OBRAS DE LITERATURA PARA NENOS E NENAS, COMO, POR EXEMPLO, A OBRA DE TEATRO «AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS»




CONVÉRTETE EN ILUSTRADOR E DEBUXA UNHA CAPA DUN CONTO NO QUE O PROTAGONISTA SEXA UNHA FROITA. PONLLE TÍTULO.




NO CONTO «A GALIÑA AZUL» TAMÉN PODEDES COÑECER A LEONCIO, QUE FOI QUEN DE FACER COUSAS REALMENTE ESPECIAIS.



☐	




☐	




☐	





CONTAAS FROITAS DE CADA CLASE E ESCRIBE O NOME E O NÚMERO.




OUTRA OBRA COÑECIDA É A HISTORIA DUN RAPAZ MOI ESPECIAL CHAMADO LOLO. A OBRA TITÚLASE «LOLO ANDA EN BICICLETA».








PÉ CÓBADO MAN OLLO XEONILLO ORELLA




UNE A PARTE DO CORPO MANCADA DE LOLO CO DEBUXO CORRESPONDENTE E ESCRIBE O SEU NOME.




LOLO QUERÍA FACER SEMPRES COUSAS COMO AS DUN NENO MAIOR.




RECORTA E PEGA NA MESA OS UTENSILIOS QUE UTILIZA LOLO PARA FACER O ALMORZO.




«A GALIÑA AZUL» CONTÉN MOITOS RELATOS DIVERTIDOS. LORENZO, O PROTAGONISTA, TIÑA UNHA GALIÑA MOI BONITA E MOI RARA, ERA DE COR AZUL.




DEBUXA DENTRO O QUE PARA TI DEBERÍA CONTER A BOMBA DA FELICIDADE.



CARLOS CASARES NESTE LIBRO CREOU A PETRA, UNHA GALIÑA GRANDE QUE LEVA LENTES.



CONTA AS LENTES E ESCRIBE O NÚMERO DELAS SEGUNDO O SEU TAMAÑO. DESPOIS COLOREA: AS GRANDE DE AZUL, AS MEDIANAS DE VERDE E AS PEQUENAS DE VERMELLO.



TAMÉN ESCRIBIU UN CONTO SOBRE UN CAN CHAMADO RIN E UN LOBO CHAMADO CRISPÍN.


SALVAXES

--	--

DOMÉSTICOS


--	--

O CAN É UN ANIMAL DOMÉSTICO E O LOBO É SALVAXE. DEBUXA TI DOUS MÁIS DE CADA CLASE.




CARLOS CASARES TEN MOITOS CONTOS DE ANIMAIS: CANS, GALIÑAS, POLBOS, LOBOS... E EL MESMO TIÑA NA SÚA CASA UN GATO E UN CAN.

PISTA: VIVE NO MAR




LURA e CAMALEÓN

PISTA: CAMBIA DE COR



COMPLETA ESTES XEROGLÍFICOS SOBRE ANIMAIS.




LOLO, O DO CONTO DA BICICLETA, PREPAROULLE O ALMORZO AOS SEUS PAIS E, COMO NON USOU ELECTRODOMÉSTICOS, FIXO UNHA GRAN DESFEITA NA COCIÑA.

FORNO
NEVEIRA
TORRADORA
MICROONDAS
BATEDORA

A	F	S	G	H	I	P	X	B	C
T	O	R	R	A	D	O	R	A	Z
Z	R	V	B	N	D	G	C	H	X
Ñ	N	E	V	E	I	R	A	Z	L
L	O	B	A	T	E	D	O	R	A
M	I	C	R	O	O	N	D	A	S

LOCALIZA NESTA SOPA DE LETRAS O NOME DE CINCO ELECTRODOMÉSTICOS.



O LOBO CRISPÍN É UN ANIMAL QUE SE ACABA CONVERTENDO NUN LOBO BO E AMABLE GRAZAS AO TRABALLO DO CAN RIN. VAIA CAMBIO QUE TIVO CRISPÍN!



ATOPA CINCO DIFERENZAS NESTES DOUS DEBUXOS.